

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2014.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D^a Ana Maria Abad López

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaioito horas do día trece de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 18 de setembro de 2014.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 18 de setembro de 2014.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE ALTRI PARTICIPACIONES Y TRADING S.L.L RELATIVO A INSTALACION DE UN CENTRO DE ACOPIO DE MADEIRA NA CANTEIRA DE SANTA ROSA .-LU-862(ANTES C-642).

Vista solicitude formulada por ALTRI Participaciones y Trading S.L.L. con CIF n^o: B84650472 con domicilio en c/ Orense 25 Esc. Izq. 3^o D (28020 Madrid), para Permiso temporal de 60 días de Instalación de un centro de acopio de madeira na Canteira de Santa Rosa .- Parcela 129.-Polígono 39.- Expediente:1324/14

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

De acordo coa documentación presentada, suscrita polo interesado e con memoria descriptiva asinada polo Arquitecto Guillermo Salgueiro Chao, colegiado n^o 991, a parcela na que se pretende a actuación, sitúase dentro do área delimitada como solo Rústico de Protección Ordinaria de acordo de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1^o) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución da instalación como vial.*
- *Ao amparo do Artigo 102 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro, e o Artigo 33.a de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, infórmase favorablemente a instalación que se pretende, con carácter PROVISIONAL, nas mesmas condicións e prazos que a solicitude presentada.*
- *A instalación que se pretende, non poderá incidir negativamente no ámbito en que se sitúa, e en ningún caso poderá estar mais tempo que o solicitado.*
- *O solicitante deberá dispoñer do correspondente seguro de Responsabilidade civil para estas instalacións.*

- *Queda garantido o acceso rodado a parcela na cal se pretenden ubicar estas instalacións, toda vez que as parcelas contiguas son da mesma propiedade solicitante.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de efectuar a correspondente acta de reformulo.*
- *Unha vez rematado a prazo establecido para estas instalacións, o entorno e posibles áreas municipais afectadas, deberán quedar en perfectas condicións de servizo.*

2º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE PREBETONG ARIDOS S.L. RELATIVO A CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE DE EXTRACCION DE ÁRIDOS EN ABELLEIRA DO ANTERIOR TITULAR CANTERAS PREBETONG.

Vista solicitude formulada por D. César Francisco Lorente Fuentes en representación de Prebetong Áridos S.L. con CIF B2770566 e domicilio en C/Brasil 56 (36204 Vigo-Pontevedra), de cambio de titularidade de licenza de actividade de extracción de áridos sita en Abelleira-Xuances e que en la actualidade figura a nome de Canteras Prebetong para que figure como novo titular Prebetong Áridos S.L.

Visto así mesmo que con fecha 30 de marzo de 2004 expediuse a licenza municipal para apertura de canteira en Abelleira-Xuances.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que :

1º. *-De acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de actividade de canteira de Extracción de Áridos, e comparecido o técnico que subscribe na susodita canteira, puido constatar que as instalacións cuio cambio de titularidade de licenza se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día se concedeu a oportuna licenza municipal, a favor da empresa Áridos del Cantábrico S.A.*

2º. *Na Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión de 8 de outubro de 2007, otorgouse o cambio de titularidade de licenza de actividade de canteira a favor de Canteras Prebetong S.L.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de extracción de áridos sita en Abelleira-Xuances para que sexa substituído como titular PREBETONG ARIDOS S.L. previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO DE 2014.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de agosto e setembro de 2014, por importe de 478,50 €.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A GABRIEL RODRIGUEZ DOMINGUEZ COMO AUTÓNOMO/AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario autónomo D. Gabriel Rodríguez Domínguez con D.N.I. nº 77.596.739-Y con domicilio en Avda. Diputación, 69 4º C (27870 Xove) para a súa inclusión como autónomo no Plan de Emprego do ano 2014, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

Nome	Enderezo	Actividade
Gabriel Rodríguez Domínguez	Avda. Diputación, 69 4º C (27870 Xove)	Consulta enerxética

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación ó autónomo, os efectos oportunos.

D.2) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A SAMUEL MÍGUEZ BERMUDEZ COMO AUTÓNOMO/AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario autónomo D. Samuel Míguez Bermúdez con D.N.I. nº 34.880.613-D con domicilio en Rúa Agramonte, C 2 2º (27870 Xove) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego do ano 2014, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

Nome	Enderezo	Actividade
Samuel Míguez Bermúdez	Rúa Agramonte, C 2 2º (27870 Xove)	Gabinete Topográfico

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación ó autónomo, os efectos oportunos.

D.3)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE MONTAJES TUBACER S.L. PARA JOSE ANGEL CUADRADO CANOURA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Montajes Tubacer, S.L. Carretera Alcoa, Vilar-Lago (27878 Xove)	José Angel Cuadrado Canoura Avda. Diputación, 12 3º C (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.-

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.4)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE RODABELL S.A. PARA CÉSAR GARCIA COCIÑA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Rodabell S.A. Estrada Acc. Alcoa S/N 27890 San Ciprian (Cervo)	César García Cociña Albarán 26 (27878 Sumoas)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.5) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE ELECTROXOVE S.L. PARA ALEJANDRO CAO ALVAREZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
ElectroXove S.L. Lodeiro, 6 local 10 entrechán (27850 Viveiro)	Alejandro Cao Álvarez C/ Tomás Mariño Pardo, 8 3º B (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.6) ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL DE A MARIÑA, PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación de Axuda ó Enfermo Mental de A Mariña, con CIF: G27262799 con domicilio en c/Bidueira S/N – Estrada de Sargadelos – San Ciprian (27891 Cervo) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 18/9/2014 para a actividade de adaptación á norma UNE da Unidade Residencial da Mariña.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no vixente Presuposto Municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 360 €. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2014, á presentación antes do 20 de decembro de 2014 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.7) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE D. GRACIANO COCIÑA REGO PARA Á REALIZACIÓN DO LUCIDO DA FACHADA EN VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN FONTAO-XUANCES (BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014).

Vista *solicitude de subvención* presentada por D. Graciano Cociña Rego con D.N.I nº 33.705.893-Z, con domicilio en Fontao, 60 (27877 Xuances)), para realización de obras de lucido de fachadas de vivenda unifamiliar en Veiga, nº 8-A Rigueira (Xove).

Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º) A concesión dunha subvención por una cantidade máxima de 450,00 € según o disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior (Lucido de fachadas) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove (Convocatoria de 2014) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

2º) A notificación ó interesado, os efectos oportunos.

D.8) ESCRITO DA CMVMC “COSTA LAXAMOURA” PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado por Dª Ana Belén Pigueiras López, en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común “Costa Laxamoura” con CIF: V27106988 no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 22/7/2014 para a actividade de Feira de Gando San Bartolo 2014.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no Presuposto Municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 600 €. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2014, á presentación antes do 20 de decembro de 2014 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.9) ESCRITO DA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XOVE PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado por D. Ovidio Rouco Otero, en representación Asociación Cultural e Deportiva Xove, con CIF: G75439603 no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 25-3-2014 para a actividade de *fomento do deporte a través de actividades deportivas*.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no Presuposto Municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 6.300,00 €. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2014, á presentación antes do 20 de decembro de 2014 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.10) COMUNICACIÓN PREVIA DE D. JOSE LUIS FERNANDEZ COCIÑA RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO E DOS ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PÚBLICA E SOLICITUDE DE AXUDA (BASES

APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .

Vista a comunicación previa presentada por D. José Luis Fernández Cociña, con D.N.I nº 76564006L, con domicilio en Villalpol, nº 30 27877-Portocelo, para realización de obras de acondicionamento do entorno e dos accesos dunha vivenda unifamiliar con solicitude de axuda para a execución das mesmas en Villalpol, nº 30-Portocelo. Referencia Catastral nº: 27025A004003520000JF. Expediente: 1969/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NÚCLEO RURAL EN ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.

2º.-Toda vez que as obras que se pretenden executar, atópanse ubicadas no entorno do BIC nº 24 pertencente ao Catálogo de elementos a protexer ou recuperar do Concello de Xove, é preceptivo informe da Consellería de Cultura e Deporte a emitir pola súa Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impoñéndose as condicións seguintes:

PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de acondicionamento de parcela, non poderán afectar a elementos inventariados como é o caso das vivendas do entorno.

Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e seu ámbito.

SEGUNDA. -Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto da execución das obras como vial.

TERCEIRA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación, así como o estado orixinario do entorno, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de adecuación de entorno, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de Decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

CUARTA.-Con independencia da emisión do preceptivo informe da Comisión de Patrimonio, as obras que se solicitan, adáptanse á vixente Normativa Urbanística.

QUINTA.-Con data 29 de Setembro de 2014 e nº de expediente 19737 infórmase favorablemente por parte da Dirección Xeral de Patrimonio sobre a intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, coas condicións seguintes:

-A limpeza da pedra de cantería traballada farase manualmente con cepillo de cerdas vexetais; o tratamento será lixeiro, prohibíndose expresamente o chorreo de area e auga a alta presión.

-Para o encintado de muros de mampostería, empregaranse exclusivamente morteiros de cal e a súa cor entoarase coa da fábrica existente. Na aplicación do morteiro non se poderá abrir ou engrosar as xuntas existentes.

-Calquera outra actuación, que exceda da descrita, precisará autorización da Consellería de Cultura.

Á vista da Normativa reguladora das axudas para o acondicionamento do entorno e dos accesos dunha vivenda unifamiliar dende as vías de titularidade pública, infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse á Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.

2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento

do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 875,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 17,50€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º.- Polo que se refire a tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior (Lucido de fachadas) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove (Convocatoria de 2014) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

D.11) COMUNICACIÓN PREVIA DE Dª JOSEFA BASANTA MASEDA RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO E DOS ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PÚBLICA E SOLICITUDE DE AXUDA (BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .

Vista a comunicación previa presentada por Dª Josefa Basanta Maseda, con D.N.I nº 33764107S, con domicilio en Villalpol, nº 32 27877-Portocelo, para realización de obras de acondicionamento do entorno e dos accesos dunha vivenda unifamiliar dende as vías de titularidade pública, con solicitude de axuda para a execución das mesmas en Villalpol, nº 32-Portocelo. Referencia Catastral nº: D00500400PJ14B0001XM. Expediente: 1984/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NÚCLEO RURAL EN ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.

2º.-Toda vez que as obras que se pretenden executar, atópanse ubicadas no entorno do BIC nº 24 pertencente ao Catálogo de elementos a protexer ou recuperar do Concello de Xove, é preceptivo informe da Consellería de Cultura e Deporte a emitir pola súa Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impóñense as condicións seguintes:

PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de acondicionamento de parcela, non poderán afectar a elementos inventariados como é o caso das vivendas do entorno.

Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e seu ámbito.

SEGUNDA. -Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto da execución das obras como vial.

TERCEIRA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación, así como o estado orixinario do entorno, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez

finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de adecuación de entorno, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de Decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

CUARTA.-Con independencia da emisión do preceptivo informe da Comisión de Patrimonio, as obras que se solicitan, adáptanse á vixente Normativa Urbanística.

QUINTA.-Con data 29 de Setembro de 2014 e nº de expediente 19737 infórmase favorablemente por parte da Dirección Xeral de Patrimonio sobre a intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, coa condición seguinte:

-Calquera outra actuación, que exceda da descrita, precisará autorización da Consellería de Cultura.

Á vista da Normativa reguladora das axudas para o acondicionamento do entorno e dos acceso dunha vivenda unifamiliar dende as vías de titularidade pública, infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse á Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.

2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 552,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 11,04€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º.- Polo que se refire a tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior (Lucido de fachadas) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove (Convocatoria de 2014) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

D.12) COMUNICACIÓN PREVIA DE Dª MARIA PEDRE RODRIGUEZ RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA PINTADO DE FACHADAS DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR E SOLICITUDE DE AXUDA (BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .

Vista a comunicación previa presentada por Dª María Pedre Rodríguez, con D.N.I nº 33705013P, con domicilio en Penas Agudas, nº 1 27879-Monte, para realización de obras de lucido de fachadas de vivenda unifamiliar con solicitude de axuda para a execución das mesmas en Penas Agudas, nº 1-Monte. Referencia Catastral nº: B00500800PJ13A0001OB. Expediente: 1204/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO RUSTICO DE PROTECCION

AGROPECUARIA, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. 2º.-Toda vez que as obras que se pretenden executar, atópanse ubicadas no entorno do BIC nº 24 pertencente ao Catálogo de elementos a protexer ou recuperar do Concello de Xove, é preceptivo informe da Consellería de Cultura e Deporte a emitir pola súa Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impoñense as condicións seguintes:

PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume adaptándose única e exclusivamente ao solicitado.

SEGUNDA. -A edificación cujas fachadas se pretenden pintar, de acordo co solicitude que se achega, adaptárase a tipoloxía do ámbito no que se ubican.

TERCEIRA.-Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.

CUARTA.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.

QUINTA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

SEXTA.-Con independencia da emisión do preceptivo informe da Comisión de Patrimonio, as obras que se solicitan adaptanse á vixente Normativa Urbanística, toda vez que as obras que se pretenden executar, non inciden negativamente nos parámetros urbanísticos da parcela, e ao abeiro do artigo 103, da LOUG, (Edificios fóra de ordenación), pódese outorgar a licenza que se solicita.

SETIMA.-Con data 29 de Setembro de 2014 e nº de expediente 19736 infórmase favorablemente por parte da Dirección Xeral do Patrimonio sobre a intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, coa condición seguinte:

-Deberán empregarse cores claras, discretas e naturais acordes co entorno.

De acordo co anterior, e toda vez que a vivenda ten unha antigüidade superior aos 5 anos, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

Á vista da Normativa reguladora das axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares,(lucido de fachadas), infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse á Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.

2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 951,06€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 19,02€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º) Polo que se refire a tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior (Lucido de fachadas) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove (Convocatoria de 2014) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

D.13) COMUNICACIÓN PREVIA DE Dª ISABEL MEITIN MIGUEZ RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA PINTADO DE FACHADAS DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR E SOLICITUDE DE AXUDA (BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .

Vista a comunicación previa presentada por Dª Isabel Meitín Míguez, con D.N.I nº 33763822Y, con domicilio en Avda. Diputación, nº 66-1º (27870-Xove), para realización de obras de pintado de fachadas de vivenda unifamiliar con solicitude de axuda para a execución das mesmas en Avda. Diputación, nº 66-1º-Xove. Referencia Catastral nº: 0282042PJ2308S0001HF. Expediente: 1705/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO URBAN DE XOVE.- ORDENANZA O-2, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.

2º.-Toda vez que as obras que se pretenden executar, atópanse ubicadas no entorno do BIC nº 13, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41 e 42 pertencentes ao Catálogo de elementos a protexer ou recuperar do Concello de Xove, é preceptivo informe da Consellería de Cultura e Deporte a emitir pola súa Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impoñense as condicións seguintes:

PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume adaptándose única e exclusivamente ao solicitado.

SEGUNDA. -A edificación cujas fachadas se pretenden pintar, de acordo co solicitude que se achega, adaptarase a tipoloxía do ámbito.

TERCEIRA.-Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto nas ordenanzas do vixente P.X.O.M. municipal.

CUARTA.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.

QUINTA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez

finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Normativa urbanística municipal.

SEXTA.-Con independencia da emisión do preceptivo informe da Comisión de Patrimonio, as obras que se solicitan adaptanse á vixente Normativa Urbanística, toda vez que as obras que se pretenden executar, non inciden negativamente nos parámetros urbanísticos da parcela, se ben a edificación existente atópase fóra de alineación de acordo co vixente P.X.O.M. e ao abeiro do artigo 103 da LOUG, (Edificios fóra de ordenación), pódese outorgar a licenza que se solicita.

SETIMA.-Con data 29 de Setembro de 2014 e nº de expediente 19737 infórmase favorablemente por parte da Dirección Xeral do Patrimonio sobre a intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, coas condicións seguintes:

-A limpeza da pedra de cantería traballada farase manualmente con cepillo de cerdas vexetais; o tratamento será lixeiro, prohibíndose expresamente o chorreo de area e auga a alta presión.

-A cor da pintura a aplicar será clara, discreta e natural acorde coa edificación e o seu contorno.

De acordo co anterior, e toda vez que a vivenda ten unha antigüidade superior aos 5 anos, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

Á vista da Normativa reguladora das axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares,(lucido de fachadas), infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse á Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.

2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.400,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 28,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º.- Polo que se refire a tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior (Lucido de fachadas) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove (Convocatoria de 2014) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

D.14) COMUNICACIÓN PREVIA DE D^a LORENA GONZALEZ MEITIN RELATIVO Á REALIZACIÓN DE OBRA MENOR PARA PINTADO DE FACHADAS DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR E SOLICITUDE DE AXUDA (BASES APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 25 DE MARZO DE 2014) PARA A EXECUCIÓN DAS MESMAS .

Vista a comunicación previa presentada por D^a Lorena González Meitín, con D.N.I nº 34638981S, con domicilio en R/ Baamonde Illade, nº 7 (27870-Xove), para realización de obras de pintado de fachadas de vivenda unifamiliar con solicitude de axuda para a execución das mesmas en R/ Baamonde Illade, nº 7-Xove. Referencia Catastral nº: 0182805PJ2308S0001GF. Expediente: 2008/14.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO URBAN DE XOVE.- ORDENANZA 1 (0-1) BARRIO ORIXINARIO DE XOVE, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.

2º.-Toda vez que as obras que se pretenden executar, atópanse ubicadas no entorno do BIC nº 13, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41 e 42 pertencentes ao Catálogo de elementos a protexer ou recuperar do Concello de Xove, é preceptivo informe da Consellería de Cultura e Deporte a emitir pola súa Comisión Territorial do Patrimonio Histórico.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Tomar razón da comunicación presentada e autorizar a execución das obras solicitadas, impoñense as condicións seguintes:

PRIMEIRA. -Habida conta que non se achega documentación descritiva das obras que se pretenden, e pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume adaptándose única e exclusivamente ao solicitado.

SEGUNDA. -A edificación cujas fachadas se pretenden pintar, de acordo co solicitude que se achega, adaptarse a tipoloxía do ámbito no que se ubican.

TERCEIRA.-Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto nas ordenanzas do vixente P.X.O.M. municipal.

CUARTA.-Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.

QUINTA.-Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Normativa urbanística municipal.

SEXTA.-Con independencia da emisión do preceptivo informe da Comisión de Patrimonio, as obras que se solicitan adáptanse á vixente Normativa Urbanística.

SETIMA.-Con data 29 de Setembro de 2014 e nº de expediente19738 infórmase favorablemente por parte da Dirección Xeral do Patrimonio sobre a intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, coa condición seguinte:

-Empregaranse cores diferentes para o fondo de fachada que para o zócalo, recercados de ocos, impostas e/ou calquera outro elemento decorativo.

De acordo co anterior, e toda vez que a vivenda ten unha antigüidade superior aos 5 anos, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

Á vista da Normativa reguladora das axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares,(lucido de fachadas), infórmase FAVORABLEMENTE A SUBVENCIÓN SOLICITADA por adaptarse á Normativa anteriormente citada, e unha vez executadas as

obras na súa totalidade, comprobaranse as mesmas, e asemade a viabilidade de concesión da subvención que se solicita.

2º) A presente autorización outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.400,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 68,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 15 días e 1 mes para a súa finalización. En calquera caso as obras deberán estar rematadas e xustificadas ante do 31 de outubro de 2014 conforme ao sinalado na Base 12ª.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible:

6º.- Polo que se refire a tramitación da solicitude de axuda estarase ao disposto nas Bases Reguladoras das Axudas para o remate exterior (Lucido de fachadas) e acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade desde as vías de titularidade pública, e para a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove (Convocatoria de 2014) aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2014.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaoito horas e trinta minutos , polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

O SECRETARIO,

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.